

Desexámosvos...

un bo
libro
e
unhas lectoras
vacacións.




<http://www.pinterest.com/micabigotes/>

<http://contosebigotes.blogspot.com.es/>

<https://www.facebook.com/pages/Mica-Bigotes/453006128117356?fref=nf>

DECEMBRO 2015

DENDE A
BIBLIOTECA
"PAULA
CARBALLEIRA"



EDUCACIÓN INFANTIL:


PENSANDO
"NESA"
CARTA ...

...que tod@s
ides escribir ...

...e antes de que a enchas sen pensar, un ano máis, ORGANÍZATE para ser pedichón ou pedichona!!!. Fala cos teus e coas túas compas e poñédevos outra vez de acordo para pedir títulos distintos. Ah!, e pide unha libretiña chula. Así poderedes intercambiar os libros unha vez que os leades, facer dos vosos andeis unha pequena biblioteca con empréstito incluído. A libretiña?. Para anotar a quen prestades os vosos libros e saber a quen reclamarllos no caso de moros@s... Como o ordenata da biblio, vaia, pero en "analóxico".

EDUCACIÓN INFANTIL

- **Biblioteca básica Os Bolechas-Pepe Carreiro-Bolanda** : Seis novos títulos desta colección para seguir disfrutando namentras aprendes. Ou aprendendo namentras disfrutas?: **Océanos, animais salvaxes, cociña, tarefas da casa, historia, música.**



- **Só un reloxo-R.Aliaga-La fragatina**: A Pega non lle parece que sexa moi importante o reloxo que Marmota recibe coma agasallo. Pero Marmota vaille amosar o equivocada que está.



- **Despois da chuvia-M.Cerro-Kalandraka**: Os outros animais non contan para nada coa raposiña cando todo se anega. Pero será ela quen poda salvarlos.

E tamén:



- **Sopa de estrelas-Pepe Cáccamo-Urco**: Planetas, estrelas, cometas...astros nestes versos fáciles de aprender.



- **Canta a Lúa coas estrelas-Rosalía Morlán/Manoele de Felisa-Arteson**: Para seguir no ceo, anque non só hai astros nestas cancións!!!

- **Balea-F.Fernández-Kalandraka**: Desprega...o libro e a túa imaxinación. Viaxa con esta fabulosa balea.

